

VALORACIÓN DO BORRADOR DECRETO PARA O PLURILINGÜISMO

1.- **CCOO** lamenta, unha vez máis, que se perdera a oportunidade de recuperar o consenso sobre a lingua, e proclama que o uso da lingua galega e o seu tratamento como idioma oficial é un dereito de todos os cidadáns e cidadás de Galicia. A Xunta de Galicia, responsable de garantir o dereito a expresarse en lingua galega, non só non manifesta interese por protexer a lingua galega, senón que parece vela como un estorbo, como algo superfluo.

2.- **CCOO** lamenta que a Consellaría de Educación da Xunta de Galicia utilice a presentación do borrador do Decreto a xeito de instrumento de propaganda e en vez de facer unha distribución do mesmo de modo transparente e público, fixera unha difusión selectiva sen que se saiba moi ben os criterios utilizados.

3.- **CCOO** lamenta que a Xunta de Galicia siga a mesturar deliberadamente a regulación do tratamento das linguas oficiais no ensino coa aprendizaxe de linguas estranxeiras, confundindo a regulación de dereitos cidadáns constitucionalmente recoñecidos con cuestións de mera oportunidade.

4.- Rexeitamos que a Xunta de Galicia menoscabe gravemente a autoridade das e dos docentes, introducindo nas aulas un elemento máis de conflito, ao outorgarlles ás alumnas e alumnos a posibilidade de se expresaren na lingua oficial que decidan, cando a lóxica pedagóxica aconsella o uso obrigatorio da lingua de impartición.

5.- A consulta vinculante aos pais e nais introduce elementos gravemente distorsionadores na elaboración do proxecto lingüístico de centro, promove entre os pais e nais un debate ata o de agora inexistente neste ámbito e limita a utilización de criterios profesionais e pedagóxicos na determinación da lingua de impartición.

6.- O establecemento de criterios porcentuais ríxidos para a impartición de cada unha das linguas oficiais impide garantir as competencias nas dúas linguas cooficiais. É precisa a utilización de criterios racionais, en función das necesidades lingüísticas derivadas do contexto, á hora de determinar de xeito flexible a lingua de impartición.

7.- A eliminación da valoración nos procesos de concurso do esforzo en materia de competencia lingüística do profesorado e a práctica indefinición en que se deixan os plans de formación son un desatino máis nun Decreto que non gozará do apoio do profesorado.

Á vista de todo o dito, **CCOO** entende que a actuación da Xunta coa posta en práctica deste Decreto vai máis aló do mero ataque á lingua galega e convértese nun elemento perturbador que dificultará a xestión dos centros educativos.